



# 100 TOL@S

## 100 TOL@S!

**Da ría, de todas as rías,  
para que rías, para que bailes.  
Para emocionar a públicos de todas as idades.  
A todos os públicos do país...E de fora!  
Quen non sucumbe diante dunha centolada así...**

**A Calidade de UXÍA**, os seus 25 anos de escenario, a súa voz atlántica arroupada polo son maxistral de **Sergio Tannus e Xoán Porto**.

**O humor electrónico 2.0 de iLalelo! Carlos Blanco e Budiño DJ**, unindo ás súas forzas para pescar en redes sociais, para divertir a novos e non tan novos.

**E a enerxía positiva das MALVELA**. Presentando novo traballo discográfico. Con vellos e novos éxitos, coa súa coidada posta en escena e a banda de luxo que as acompaña.

## 100 TOL@S!

**Porque todas as combinacións son posibles!  
Unha enchente!  
A festa toda!**

## 100 TOL@S!

**De xira por toda Galicia e parte do estranxeiro!**

## MALVELA



### Cancións da nosa memoria, festa dos nosos días...

Cantaban nas súas casas, tiñan nos seus corazóns as cantigas das avoas e un día puxéronse a facer festa con elas para achegarnos o seu tesouro musical. **Malvela** son varias xeracións que se xuntan para ofrecernos as cancións que veñen da terra, a cultura das nosas aldeas, os sons de noso.

O segredo do éxito de **Malvela** descóbrese ao velas cantar. Cunha década de pisar escenarios e palcos ás costas, Malvela edita o ano 2011 o seu cuarto traballo discográfico. Un disco gravado en directo e do que nace un novo espectáculo para seguir deleitando ao público de todas as idades.

## UXÍA



**UXÍA, a voz do Atlántico.** Uxía concibe escribindo palabras e músicas que saen sempre do máis profundo e íntimo do ser, da alma. Neste 2012 celebra 27 anos de carreira artística que a converten nunha das voces máis populares e valoradas da nosa lingua. As súas cancións teñen sempre a presenza latente ou explícita da música tradicional, cun tratamento anovador e persoal.

Desde o seu debut con Foliada de Marzo en 1986, o seu traballo representa un punto de encontro para as diferentes culturas, un xeito de comunicación entre pobos e xentes. Co seu moi recente Meu Canto, Uxía segue o ronsel dunha cultura que viaxa e muda o significado e a natureza das fronteiras **acompañada do talento e a complicidade dos virtuosos instrumentistas Sérgio Tannus e Xoán Porto.**

## ¡LALELO

### CARLOS BLANCO E DJ BUDINO



O gaiteiro **Xosé Manuel Budiño** sorpréndenos cun novo proxecto xunto ao actor e showman **Carlos Blanco**. O artista de Moaña vai máis aló dos sons tradicionais que sempre traballou, para mergullarse no hip-hop e na música máis actual, e converterse nun DJ que vai garantir festa e diversión para todos os públicos.

**Carlos Blanco** é un dos actores máis queridos e seguidos de Galicia. Demóstrao o éxito das súas diferentes montaxes, sobre todo na súa faceta de showman e standup comediant, que consegue sempre render a un público fiel, que sabe do seu singular talento. Actor de teatro e presentador da Radio Galega, comezou a traballar na TVG como presentador do programa A Reoca en 1990 con Antonio Durán. Colaborou noutros programas como Sitio Distinto ou Luar e foi Ladislao Couto en Mareas vivas. A súa carreira cinematográfica comezou con Sei quen es (1999) e continuou en O lapis do carpinteiro (2003) e Cargo (2005). Posteriormente presentou o programa da TVG Somos unha potencia. En 2008 co-produce con Abada a súa obra de teatro Humor negro.